

EXPEDIENTE: 2025/E001/000006

ASUNTO: CONVOCATORIA DE SELECCIÓN DE PERSOAL PARA FORMACIÓN DE BOLSA DE EMPREGO PARA TÉCNICOS/AS DE ORIENTACIÓN LABORAL/PROSPECCIÓN DE EMPREGO DO PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO

TRÁMITE: RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DA LISTA DEFINITIVA DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS, NOMEAMENTO DE TRIBUNAL E DATA DE REALIZACIÓN DO PRIMEIRO EXERCICIO DA FASE DE OPOSICIÓN.

Logo de ver o expediente que se tramita para a formación dunha bolsa de emprego de técnicos/as de orientación laboral/prospección de emprego do Programa integrado de emprego do Concello de Dodro mediante o sistema de concurso-oposición, segundo as bases aprobadas por Resolución da Alcaldía do 10 de novembro de 2025.

O anuncio e bases da convocatoria foi publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña o venres 14 de novembro de 2025 (BOP num. 219) e publicado no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Dodro.

Por Resolución da Alcaldía núm. 634/2025 de data 28 de novembro de 2025 resolveuse, entre outros, aprobar a lista provisional de persoas admitidas e excluídas, concedendo un prazo de 3 días hábiles seguintes á publicación da antedita resolución no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Dodro, para presentar as reclamacións oportunas ou emendas de defectos.

Logo de ver a dilixencia da funcionaria encargada do Rexistro de Entrada e Saída de documentos do Concello de Dodro, de data 5/12/2025 resulta que, rematado o prazo para a presentación de alegacións e/ou emendas contra o listado provisional, foron presentadas as seguintes, a efectos de acreditar o cumprimento dos requisitos esixidos nas bases da convocatoria:

NOME E APELIDOS	NÚMERO REXISTRO	DATA REXISTRO
Campaña Batalla, María Celeste	202599900001048	01/12/2025
Del Valle Rodríguez, Gloria María	202599900001050	01/12/2025

Finalizado o prazo de presentación de alegacións contra a resolución que aproba a lista provisional de persoas admitidas e excluídas, e comprobados os requisitos esixidos nas bases da convocatoria, e en uso das facultades conferidas polo artigo 21 da Lei 7/1985, de 5 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local,

RESOLVO:

Primeiro.- Aceptar a emenda de documentación das seguintes persoas candidatas:

NOME E APELIDOS	NÚMERO REXISTRO	DATA REXISTRO
Campaña Batalla, María Celeste	202599900001048	01/12/2025
Del Valle Rodríguez, Gloria María	202599900001050	01/12/2025

Segundo.- Declarar definitivamente admitidas no proceso de selección ás seguintes persoas aspirantes por ter presentada en tempo e forma a documentación relacionada nas bases que rexen o proceso selectivo para a formación de bolsa de emprego de técnicos/as de orientación laboral/prospección de emprego do Programa integrado de emprego do Concello de Dodro, polo sistema de concurso oposición.

Apelidos e nome	DNI	Celga 4 si/non	Admitido/a Excluído/a
Arosa Penín, Estefanía	***802***	Si	Admitida
Barros Fructuoso, Julia	***300***	Si	Admitida
Becerra Camiña, Ana Isabel	***178***	Si	Admitida
Campaña Abuín, Victor Manuel	***574***	Si	Admitido
Campaña Batalla, María Celeste	***962***	Si	Admitida
Ces Comojo, Noela	***032***	Si	Admitida
Del Valle Rodríguez, Gloria María	***351***	Si	Admitida
Fernández Rozados, Verónica	***455***	Si	Admitida
Filgueira Pazos, María de las Mercedes	***265	Si	Admitida
Gallego Avilés, Patricia María	***934***	Si	Admitida
Marque Seoane, Saleta	***563***	Si	Admitida
Pérez Rego, María Purificación	***583***	Si	Admitida
Queiruga Figueiro, Isabel	***998***	Si	Admitida
Quintas Vila, Marta	***606***	Si	Admitida
Rodríguez Blanco, Olalla	***738***	Si	Admitida
Ruso Somoza, Patricia	***690***	Si	Admitida
Saa Villaverde, Estela	***839***	Si	Admitida
Serramito Vázquez, Ana	***001***	Si	Admitida
Suárez Pose, Sergio	***942***	Si	Admitido
Varela Ares, Noa	***096***	Si	Admitida

Terceiro.- Designar ao tribunal cualificador que estará composto polos/as seguintes membros:

Presidenta:

Titular: María Lourdes Diéguez Rarís, técnica de orientación laboral do Concello de Dodro.

Suplente: María José Jamardo Castro, técnica de orientación laboral do Concello de Padrón.

Vogais:

Titular: Rosario Ríos Rey, axente de emprego e desenvolvemento local do Concello de Rois.

Suplente: José Ángel Sorribas Bustelo, técnico de xestión económica do Concello de Rois.

Titular: Margarita Amate Angueira, axente de emprego e desenvolvemento local do Concello de Padrón.

Suplente: José Marcelino Rivera Rarís, técnico de xestión económica do Concello de Padrón.

Titular: María José Rodríguez Expósito, técnica de xestión económica do Concello de Dodro.

Suplente: Araceli Vázquez Vázquez, técnica en Servizos Sociais de Concello de Dodro.

Secretaria:

Titular: Sandra María García Chenlo, secretaria-interventora do Concello de Dodro.

Suplente: Ana María Ares Alvarez, secretaria do Concello de Padrón.

Cuarto.- Convocar ao Tribunal Cualificador do proceso de selección para a formación de bolsa de emprego de técnicos/as de orientación laboral/prospección de emprego do Programa integrado de emprego do Concello de Dodro para a súa constitución e elaboración do exercicio da fase de oposición o día **16/12/2025, ás 8:30 horas** no Concello de Dodro (Tallós s/n, Dodro).

Quinto.- Convocar ás persoas aspirantes admitidas á realización do primeiro exercicio da fase de oposición para formación de bolsa de emprego de técnicos/as de orientación laboral/ prospección de emprego do Programa integrado de emprego do Concello de Dodro, ás **10:00 horas do día 16/12/2025**, no Pavillón Polideportivo do Concello de Dodro (Vigo s/n - Dodro).

Non é necesario realizar o segundo exercicio da fase de oposición, xa que todas as persoas acreditaron o coñecemento da lingua galega mediante o certificado Celga 4 ou equivalente.

Sexto.- Que se publique a presente Resolución no Taboleiro de Anuncios da Sede Electrónica do Concello de Dodro.

Sétimo.- Notificar a presente resolución ás persoas integrantes do Tribunal Cualificador e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar, de acordo co disposto no artigo 42 do ROF.

Documento asinado dixitalmente

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís

A secretaria-interventora, que da fe